

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	SALCEDA DE CASELAS
<b>Edificio</b>	Igrexa Santos Xusto e Pastor de Entenza
<b>Dirección</b>	Lugar da Igrexa, s/n. 36471
	42.07866281627684 -8.560843600291708
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>A Igrexa de Entenza, de orixe románica, está feita a base de perpiaño granítico labrado, con teitume a dúas augas.</p> <p>A fachada principal posúe un arco de medio punto coas arestas rebaixadas e o marcado das doelas que forman o arco. por riba dela aparece un óculo central de forma circular con moldura.</p> <p>No centro aparece unha torre campanario de forma cadrada sobre unha pequena cornixa voada. Posúe catro ocos de arco semicircular moldurados e con adorno central superior e balaustrada pétreo de tres pés en cada un deles. Nos extremos dela están pináculos piramidais rematados en bola sobre un prisma labrado. Remátase con agulla en forma de pirámide octogonal que finaliza en bola e cruz pétreo.</p> <p>Destaca a súa cornixa moldurada que percorre os paramentos laterais baixo o alero do tellado. Rematan o paramento nos extremos uns pináculos piramidais con bola sobre unha base cuadrangular.</p> <p>A ábsida actual foi construída no 1727. Foi reconstruída case na súa totalidade a comezos do século XVIII.</p> <p>No ano 1943, nunha nova reforma, cambióuselle a espadana pola torre actual de campanario.</p> <p>O interior posúe os paramentos e o teitume enfoscados. O arco triunfal de medio punto apóiase en pilastras e dá paso á capela maior con bóveda de cruceira de catro nervos, apoiados en ménsulas cunha clave. No interior podemos ver tamen un retablo de estilo barroco do primeiro terzo do século XVIII.</p> <p>En escritos do século XII esta igrexa era coñecida polo nome de Antenza.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	FRANCO BARROS, Óscar / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	17-05-2021

## Campás actuais

<b>Localización</b>	<b>Campá</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Ano de fundición</b>	<b>Diámetro (en cm)</b>	<b>Peso</b>
Sala de campás	<a href="#"><u>Campá pequena (1)</u></a>	<a href="#"><u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u></a>	1924	60	125
Sala de campás	<a href="#"><u>Campá grande (2)</u></a>	<a href="#"><u>OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)</u></a>	1950	80	296

Información completa: [Igrexa Santos Xusto e Pastor de Entenza - SALCEDA DE CASELAS \(GALICIA\)](#)

PDF (27-06-2026)